



O MÓBIL ANTES DOS 12 ANOS DE NINGÚN MODO!



Pola súa saúde, presérveos do móbil

A comunidade científica, unanimemente recomenda que os nenos non utilicen o teléfono móbil.

Neste contexto e coa colaboración do "Colectivo Lionés polas Escolas Sen Antenas" (CLESA), o Concello de Lyon (Francia) defende esta recomendación.

Versión galega da APDR do *affiche* orixinal francés en www.lyon.fr



Versión galega da APDR do orixinal francés accesíbel en:
http://www.lyon.fr/vdl/sections/fr/evenements/le_portable_avant_12

O teléfono móbil antes dos 12 anos. De ningún modo!

Nunha campaña de comunicación, o Concello de Lyon (1) diríxese aos pais (mentres reflexionan sobre os agasallos de Nadal) para desaconsellar o uso do teléfono móbil en nenos menores de 12 anos.



Hai que saber que a influencia electromagnética do móbil preto da orella supera en varias decenas ao das antenas.

Aínda que, ao día de hoxe, non se ratificou ningún efecto sobre a saúde, en cambio, os efectos biolóxicos se se poden evidenciar.

O adulto debe pois utilizar o móbil razoablemente. ¡O neno menor de 12 anos non debe utilizalo en absoluto!, recomenda o Ministerio da Saúde (francés).

Antes desta idade, nin o desenvolvemento do cerebro, nin a impermeabilidade da cavidade craniana están completados. O neno está pois máis exposto aínda á influencia magnética. O Concello de Lyon chama á responsabilidade de cada familiar e asóciase ao CLESA* para dicir: « antes de 12 anos, teléfono sempre desde un fixo. Xamais desde un móbil».

*Colectivo *Lionés por Escolas Sen Antenas* - infoclesa@orange.fr

O bo uso do móbil para todos:

ALGUNAS RECOMENDACIÓNS

- ▶ Para reducir a vosa exposición ás microondas utilízade un kit de auricular á orella
- ▶ Telefone preferentemente nas zonas onde a recepción é de alta calidade
- ▶ Evite telefonar desde trens de alta velocidade e, en xeral, durante todos os desprazamentos rápidos (procura das antenas base)
- ▶ Escollede un móbil cun SAR baixo (nivel de microondas ao que se pode estar exposto utilizando un móbil, sendo 2W/kg o máximo en Francia)

(1) Lyon: 3ª cidade de Francia despois de París e Marsella, e 2ª área metropolitana francesa, con 1.783.400 habitantes en 2007.





Versión galega da APDR do orixinal francés accesíbel en:
http://www.lyon.fr/static/vdl/contenu/vie_democratique/lc/2008/lc1208.pdf

Campaña responsábel

Saúde

Nunha campaña de comunicación desenvolvida con *CLESA*, o Concello de Lyon diríxese aos proxenitores (mentres que reflexionan sobre os agasallos de Nadal) para desaconsellar o uso do teléfono móbil en nenos menores de 12 anos.



Actualmente, a cobertura de Lyon polo UMTS (sistema de telecomunicacións móbiles) é case completa. Preto de 500 antenas responden a unha demanda dos usuarios que somos... case todos nós.

Estas instalacións son feitas por operadores privados que teñen obrigação, segundo a lei, de cubrir o territorio (no respecto de normas nacionais e europeas). Con todo, e aínda que a OMS considera que non presentan perigo da saúde, cada proxecto de instalación en Lyon é estudado pola dirección municipal da Ecoloxía urbana.

As antenas de telefonía móbil son despregadas no marco dunha regulamentación nacional e europea e desde que esta regulamentación é respectada, a Cidade non dispón de ningún recurso xurídico posible.

Devanditas instalacións son realizadas polos operadores privados que teñen a obrigação, pola lei, de cubrir o territorio (no cumprimento de normas nacionais e europeas). Con todo, e aínda que a OMS considera que non presentan ningún perigo para a saúde, cada proxecto de asentamento en Lyon é examinado pola dirección municipal de Ecoloxía urbana.

As antenas de telefonía móbil son despregadas no marco dunha normativa nacional e europea e, sempre que esta normativa é respectada, a cidade non dispón de ningún recurso xurídico posible.



Transcendencia dos móbiles

Máis preocupante para a saúde dos nenos é o uso do teléfono móbil, antes dos 12 anos. Ata o punto de que, en estreita concertación co CLESA*, a cidade de Lyon dirixe actualmente unha campaña de comunicación, en defensa do seu deber e competencia, en educación para a saúde pública (léase entrevista). Hai que saber que a radiación electromagnética do móbil cerca do oído supera en varias decenas ao das antenas. Aínda que non se ratificou ningún efecto sobre a saúde ?ata o día hoxe-, coñécense os efectos biolóxicos que se poden evidenciar.

O adulto debe pois utilizar o móbil razoablemente. ¡O neno menor de 12 anos non debe utilizalo en absoluto!, recomenda o Ministerio da Saúde (francés). Antes desta idade, nin o desenvolvemento do cerebro, nin a impermeabilidade da cavidade craniana están completados. Os mozos están pois máis expostos aínda á influencia magnética.

O Concello de Lyon chama á responsabilidade de cada familiar e asóciase ao CLESA* para dicir:

« Antes de 12 anos, teléfono sempre desde un fixo. Xamais desde un móbil ».

*Collectif lyonnais pour des écoles sans antennes infoclesa@orange.fr

Lyoncitoyen • N° 69- Décembre 2008 (p. 15).

Versión galega da APDR do orixinal francés accesíbel en:

http://www.lyon.fr/static/vdl/contenu/vie_democratique/lc/2008/lc1208.pdf

Entrevista sobre o móbil

Mireille Roy

Tenente de alcalde, delegada de Ecoloxía urbana e de calidade medio ambiental

Ao informar sobre o uso do móbil, o concello de Lyon está no seu papel?

Nunha reunión cos colectivos de pais, en xuño, comprometinme en 3 puntos:

- Examinar a Carta da telefonía móbil, en particular a noción de integración paisaxística (non confundir con Camuflaxe)
- Tender cara a unha redución dos limiares de emisión das antenas tal como están establecidos polas normas europeas (para iso voume a reunir cos operadores) ;
- Facer campañas para o bo uso do móbil.



O Ministerio de Saúde emite, en efecto, as recomendacións?

Bo o concello de Lyon adiantase. Ata onde se, é o primeiro en informar para desalentar o uso do portátil antes dos 12 anos. Esta é unha cuestión de Saúde pública e preocupámonos prioritariamente dos máis fráxiles.

Deseñamos esta campaña en estreita colaboración cos pais/nais do colectivo *CLESA: Elaboración do prego de condicións, Elección da mensaxe, do concepto creativo e logo da MAQUETA.

Esta campaña terá repercusións?

Desexo que se poida recomendar un bo uso do móbil. Porque estamos no exceso. Non se debería converter esta formidable ferramenta de comunicación en símbolo de anti-convivencia. Privilexiemos os SMS. É inofensivo e menos caro. Por outra banda, os operadores mesmos poderían facilitalo facendo recomendacións saudabéis aos usuarios.



LE PROGRÈS

13.12.08

Versión galega da APDR do orixinal francés accesíbel en:

<http://www.next-up.org/pdf/LeProgresUsageDuPortablelaVilleDeLyonEnDonneurDeLecon13122008.pdf>

Uso do móbil: o Concello de Lyon quere dar unha lección

«O móbil antes dos 12 anos ¡De ningún modo!». Por primeira vez en Francia, unha gran comunidade lanza unha campaña para desalentar o uso de móbiles nos nenos

Esta é a primeira. O Concello de Lyon acaba de lanzar unha campaña para desalentar o uso de móbiles nos nenos menores de doce anos.

"Esta campaña pretende evitar as compras de móbiles para os nenos con ocasión das festas de Nadal, indican os verdes nun comunicado. Esta divulgación preventiva en carteis publicitarios [Monopostes], e no Diario municipal, está destinada aos mozos, considerados como os máis fráxiles polos científicos e polo tanto prioritarios a protexer na utilización dos teléfonos móbiles" [Ver Vídeo HD en Next-up : Explicación penetración irradiacións: <http://videos.next-up.org/MicrowavesPenetration/IrradiationChildrenBrain/25042008.html>]

Innovación, e ata orixinalidade, nesta acción; comunicada non polo concello de Lyon senón polo grupo político dos Verdes ao que pertence a tenente de alcalde responsable no tema, Mireille Roy. Unha acción que se inscribe nun contexto particular. Se a cuestión depende da Saúde pública, é eminentemente política.

A oposición dalgúns pais de varias escolas lionesas esixindo o desmantelamento das antenas instaladas na proximidade das escolas deixou aos políticos lioneses sen voz. Non sen razón. Tanto a xurisprudencia do Consello de Estado como os textos legislativos e regulamentarios non permiten aos entes locais dispor dunha certa marxe de acción neste ámbito. Pero ante a presión, foi necesario reaccionar. Esta campaña chega no momento oportuno, aínda cando un grupo podería estar preparado para presentar unha denuncia ante unha xurisdición penal. Aínda que os dous temas non teñen pouca relación. Por unha banda, os teléfonos móbiles, da outra, as antenas transmisoras.

O concello proseguirá a súa acción cunha segunda campaña sobre "o bo uso do teléfono móbil" no seu sitio de Internet. Por outra banda, creouse un Comité de dirección para revisar o regulamento local de telefonía móbil, especialmente co fin de obter a redución dos límites [de emisión] das antenas a 1 V/M, como se demanda desde as asociacións e os Verdes.

Mireille Roy entende que así dá resposta aos tres obxectivos que estableceu ante os colectivos de pais preocupados: revisar o regulamento; tender cara a unha redución dos límites [de exposición]; facer campañas de mellor uso do móbil.

En canto aos pais que quixesen comprar un móbil aos seus fillos, teñen aínda a elección?

Geoffrey Mercier (gmercier@leprogres.fr)



LE PROGRÈS 18.12.08

Tradución da APDR da Versión orixinal francés accesíbel en:

http://www.next-up.org/pdf/Le_Progres_Antennes_Dr_Wittmann_Sandrine_Antennes_relais_une_catastrophe_en_terme_de_sante_publique_18122008.pdf

Antenas de telefonía móbil: << Unha catástrofe sobre a saúde pública >>

Sandrine Wittman é investigadora en oncoloxía en Lyon, no Centro Léon-Bérard (Lyon, Francia).

Para esta cidadá do municipio de Chassieu no que os nenos son escolarizados na escola primaria Louis Pradel, a instalación pola operadora Orange dunha antena de telefonía móbil sería, segundo os seus propios termos << unha verdadeira catástrofe en cuestión de saúde pública >>. Entrevista

>> No ámbito do seu traballo, constatou danos que poderían estar ligados aos teléfonos móbiles ou ás antenas de telefonía móbil?

Constatamos desde fai dez anos un aumento significativo do número de cancros das glándulas salivares, que non están protexidas pola caixa cranial cando se utiliza un teléfono móbil. Estes novos cancros afectan agora a mulleres cada vez máis novas. Ademais, actualmente nós atendemos a nenos enfermos de leucemia que estaban nunha escola de Lyon onde as antenas foron desmanteladas

>> Existe, segundo vostede, un vínculo entre os problemas ligados aos teléfonos móbiles e os ligados á antenas de telefonía móbil?

Son o mesmo tipo de ondas electromagnéticas. A exposición crónica ás ondas dos teléfonos móbiles pode romper o ADN das células e en consecuencia provocar cancros.

Para as antenas de telefonía móbil, sábese que permiten a acumulación de moléculas tóxicas no cerebro, e consecuentemente favorecen a aparición precoz de enfermidades de Alzheimer así como tumores cerebrais.

Observouse un aumento sospeitoso de leucemias en nenos.

>> Temos exemplos de lugares onde as antenas de telefonía móbil causen danos sobre a saúde humana?

Existe unha investigación pendente á mantenta do outeiro de Fourvière, que sería a zona máis contaminada polas antenas de telefonía móbil en Francia. Observouse entre outros un agravamento de casos de dores de cabeza, de problemas de soño ou da memoria, pero tamén de patoloxías máis penosas como o cancro, entre eles a leucemia. Fronte a todas estas observacións, o principio de precaución debe ser aplicado.



Sandrine Wittmann est chasselandaise et chercheur en cancérologie à Lyon, au Centre Léon-Bérard / Photo Alain Seveurat